

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 13/02/2015.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
D^a María Amparo Calvo González.
D^a Ana Belén Breijó Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.
D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos do día trece de febreiro de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vintetres de xaneiro do presente ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

SEGUNDO. TOMA DE COÑECEMENTO DO ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DE 2014.

Dase conta polo Secretario-Interventor de que, segundo o informe emitido polo Tesoureiro en relación con esta cuestión, aínda non foi posible rematar o peche da contabilidade do exercicio 2014, polo que non se dispón de información completa sobre o estado de tramitación de que se trata.

TERCEIRO. APROBACIÓN DE BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS 2015.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta de Bases da convocatoria de subvencións para a promoción do deporte e entidades deportivas 2015, iguais ás do ano 2014, detallando as cantidades recollidas no presuposto para a presente anualidade 2015, e polo Sr. Varela, da proposta de Bases da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da Cultura no ano 2014, que tamén son moi semellantes ás do ano anterior, con algunhas pequenas actualizacións propostas en assembleas veciñais que de seguido explica.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. López Loureiro amósase conforme coa proposta e o Sr. Márquez tamén manifesta o seu acordo.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as bases de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa aplicación coa brevidade posible.

CUARTO. APROBACIÓN DE BASES PARA CONCESIÓN DE BECAS ESCOLARES 2015.

Dase conta da proposta de Bases reguladoras para a concesión de bolsas escolares e axudas para sufragar gastos dos servizos prestados na escola infantil municipal para o ano 2015 formulada polo grupo de goberno, explicando o Sr. Soto as modificacións desas bases respecto á do ano 2014, sobre todo o incremento da cantidade disponible para servizos na escola infantil ata os 8.000 euros.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. López Loureiro non interven en relacion con esta proposta. O Sr. Márquez di que a mesma servirá para paliar os elevados custes da escola infantil, aínda que pensa que as axudas deberían cubrir tamén gastos en escolas infantís doutros concellos, como se facía ata o ano pasado, aínda que fose en menor contía. O Sr. Soto resposta que para esa finalidade, que outros anos non tivo demanda algunha, poderíanse habilitar outras liñas de axuda se fose preciso, e expón varios casos prácticos para ilustrar o efecto destas axudas nas obrigas finais de pago para varios supostos de renda familiar, que demostran que os niveis de axuda serán superiores ós das outras escolas, tendo en conta que esta non terá concerto e xestionarase soamente con fondos propios e tamén os datos recollidos no informe de viabilidade, manifestando a súa expectativa de que a Xunta asuma a xestión desta escola a partires do próximo curso.

O Sr. Alcalde interven para rematar o debate, decindo que este é o concello que máis adica a becas de toda Galicia, proporcionalmente, que a súa ideoloxía implicaría unha ensinanza libre e gratuita, pero non a poden implantar, e que as axudas que se aproban son redistributivas e non lineais e soamente subvencionan gastos en institucións públicas, non como a Xunta que financia escolas privadas.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as bases de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa aplicación coa brevidade posible.

QUINTO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 01/2015.

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos número 01/2015, da modalidade de xeración de créditos, no que consta o informe favorable do interventor. O día 06/02/15 Secretaría emitiu un informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento que había que seguir, e o día 06/02/15 Intervención informou favorablemente da proposta da Alcaldía. O expediente ven motivado pola aprobación do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 por parte da Deputación Provincial, e coa consignación resultante, realizaranse as obras para as que xa foron aprobado o proxecto, que son as seguintes:

Denominación	Orzamento total	Achega municipal	Préstamo provincial
Nova pavimentación dos camiños de Cadavás, O Seixo, A Fraga e outros	53.424,54 €	0,00 €	53.424,54 €
Centro municipal de empresas	69.370,15 €	0,00 €	69.370,15 €
Casa da Xuventude	84.500,00 €	0,00 €	84.500,00 €
TOTAL	207.294,69 €	0,00 €	207.294,69 €

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

As altas en aplicacións ou partidas de Gastos son as que seguidamente se indican:

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
453-609	300.000,00 €	53.424,54 €	353.424,54 €
933-609	52.685,59 €	153.870,15 €	206.555,74 €
TOTAIS	352.685,59 €	207.294,69 €	559.980,28 €

As altas en Partidas de Ingresos detállanse de seguido:

Partida: capítulo, artigo e concepto	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
761	492.000,00 €	207.294,69 €	699.294,69 €

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unimidade dos seus once membros, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 01/2015, ordeando a realización, coa brevidade posible, dos

trámites necesarios para a súa aplicación ó presuposto vixente.

SEXTO. ACORDOS RELATIVOS Á PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015.

Dase conta polo Sr. Soto das características deste Plan, destinado a financiar débeda pendente e a investimentos financeiramente sostibles e que neste Concello, que no ten débeda viva algunha adicarase soamente a investimentos, e explica de seguido as tres obras ás que o grupo de goberno propón destinar os máis de 207.000 euros cos que San Sadurniño participa neste Plan, e as características básicas do préstamo de que se trata.

O Sr. Márquez amosa a súa conformidade coa proposta, lamentando non obstante que sexa necesario reintegrar a cantidade de que se trata, en lugar de que se trate dunha subvención a fondo perdido.

O Sr. Soto resposta que segundo parece, configurouse como un préstamo pola Deputación para non incorrer nun incumprimento da normativa sobre regra de gasto. O Sr. Alcalde engade que o centro de empresas rematará o cambio de sede do Concello co acondicionamento dos espazos para u seu uso por emprendedores, ao tempo que se reducirá o gasto corrente polos ingresos que xerará esa actividade, para a que se conta cun moi boas expectativas.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con catro abstencións, dos do PP e PSOE, acorda:

1º.- Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

B) Investimentos financeiramente sostibles:

Denominación	Orzamento total	Achega municipal	Préstamo provincial
Nova pavimentación dos camiños de Cadavás, O Seixo, A Fraga e outros	53.424,54 €	0,00 €	53.424,54 €
Centro municipal de empresas	69.370,15 €	0,00 €	69.370,15 €
Casa da Xuventude	84.500,00 €	0,00 €	84.500,00 €
TOTAL	207.294,69 €	0,00 €	207.294,69 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2015 e que se relacionan neste cadro.

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial:

Denominación	Orzamento total	Achega municipal	Préstamo provincial
Nova pavimentación dos camiños de Cadavás, O Seixo, A Fraga e outros	53.424,54 €	0,00 €	53.424,54 €
Centro municipal de empresas	69.370,15 €	0,00 €	69.370,15 €
Casa da Xuventude	84.500,00 €	0,00 €	84.500,00 €
TOTAL	207.294,69 €	0,00 €	207.294,69 €

2º.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

3º.- Para o financiamento do importe da achega municipal, se fose o caso, este Concello comprométese a incluír no presuposto municipal de 2015 os fondos necesarios para facer fronte a esa achega.

4º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento destes investimentos financeiramente sostibles para os que vai aplicar o préstamo provincial asignadoe, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegárase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100% do seu importe.

5º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e sete minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,